

Kalzium, unha táboa periódica para KDE e moito máis.


Para os estudantes a táboa periódica parece un ogro terrible, chea de datos e números que temen aprender.

Isto non adoita ser certo, xa que apenas se aprenden uns 20 elementos e basicamente o nome e a posición.

No entanto, non está de máis ter unha táboa periódica a man para poder cosultar datos de interese sobre os elementos como a súa masa, a súa densidade, punto de fusión, etc. Esta pode ser de papel, pero aproveitando as novas tecnoloxías por que non utilizar un programa que che axude?

Pois ben, ese programa existe para KDE e chámase Kalzium, un programa moi completo que demostra como debería o software educativo.

Kalzium mostra unha táboa periódica na súa forma clásica pero moi interactiva.




Características básicas ten as seguintes:

- Mostra a información básica de cada elemento.
- Calcula masas atómicas de compostos.
- Mostra a linea temporal dos elementos químico, é dicir, cando se descubriron.
- Mostra o estado da materia (sólido, líquido ou gaseoso) dos elementos segundo a temperatura.

Ademais de eta información básica, picando sobre cada elemento podemos ver:


- Un resumo.
- Unha imaxe.
- O seu modelo atómico (Segundo Bohr)
- Datos químicos: Densidade, radio covalente, masa, configuración electrónica, etc.
- Enerxías (afinidade electrónica, punto de ebulición, electronegatividade, etc)
- Un anecdotario do elemento.

* O espectro atómico.



Por outra parte realiza gráficas comparativas entre elementos:

- De masa.
- De radio atómico.
- De electronegatividade



E moitas máis propiedades periódicas (de ahí ven o nome da táboa).

Para finalizar as súas características dicir que inclúe un glosario coas definicións básicas.

En definitiva, un software educativo para aprender e traballar coa Táboa Periódica dos Elementos

<http://docs.kde.org/development/es/kdeedu/kalzium/>